

UGT e FUAM PRESENTAN O INFORME ‘RETOS DAS POLÍTICAS ACTIVAS EN ESPAÑA. DIAGNÓSTICO E APROXIMACIÓN Á SÚA RELACIÓN CO DESEMPREGO NA ÚLTIMA DÉCADA’

“As políticas activas de emprego son a chave fundamental para o acceso a un futuro digno e o único mecanismo que poderá erradicar o paro estrutural”, resaltou a vicesecretaría xeral de UGT

Redacción.- A vicesecretaría xeral de UGT, Lola Navarro; o responsable de Política Territorial do sindicato, Eduardo Magaldi; e a profesora de Economía da Universidade Autónoma de Madrid (UAM) e coordinadora do traballo, Ana Viñas, presentaron este xoves en rolda de prensa, o informe “Retos das políticas activas en España. Diagnóstico e aproximación á súa relación co desemprego na última década”, elaborado polo sindicato e a Fundación da Universidade Autónoma de Madrid.

Na súa intervención, Navarro fixo fincapé en que este traballo “vai moito máis alá dos números, pon luz á parte menos visible do mercado laboral español e obríganos a mirar máis aló das cifras do paro”. Do mesmo xeito, a vicesecretaría xeral de UGT resaltou que o texto “mostra que a brecha territorial no desemprego supera os sete puntos”.

Ademais, Navarro insistiu en que “non podemos quedarnos na lectura de que España reduciu o paro na última década, senón que hai que ter presente que seguimos duplicando a taxa media e temos un alto paro estrutural”.

Así, a vicesecretaría xeral explicou que “o máis preocupante deste paro é a súa composición: xuvenil, de longa duración, feminino, de baixa cualificación e con fortes diferenzas territoriais”.



Por iso, Navarro remarcou que “as políticas activas de emprego son a chave fundamental para o acceso a un futuro digno e o único mecanismo que poderá erradicar o paro estrutural”.

Nesta liña, a profesora Ana Viñas sinalou a importancia de que as políticas activas de emprego teñan en conta o envellecemento da poboación e a dixitalización. Por iso, o informe ten dous obxectivos: “realizar un diagnóstico do desemprego en España e establecer un vínculo entre as políticas activas e o desemprego desde a perspectiva xeral do mercado de traballo”.

Ademais, Viñas explicou as reflexións finais que deixa o informe. Estas pasan pola igualdade de oportunidades no mercado de traballo, a importancia dos servizos de orienta-

ción e de dotar de maiores recursos ás políticas activas de emprego e a necesidade da configuración territorial das políticas activas de emprego.

Por último, Magaldi sinalou que o sindicato leva anos “reivindicando que a orientación laboral sexa máis personalizada e individualizada e que as oportunidades laborais e os itinerarios formativos se adapten ás necesidades de cada comarca”.

Por iso, o responsable de Política Territorial do sindicato remarcou que “o deseño das políticas de emprego debe ter obrigatoriamente unha perspectiva territorial” e insistiu en que “non será posible unha cohesión social sen unha cohesión territorial, e non haberá unha cohesión territorial sen oportunidades de emprego e sen un traballo digno alí onde a xente vive”.

AS SEDES DE UGT EN LUGO E OURENSE XA SON PUNTOS VIOLETA

Redacción.- As sedes de UGT en Lugo e Ourense veñen de facer pública a súa presentación como puntos violeta, é dicir, lugares seguros para prestar axuda a posibles vítimas de violencia machista.

Lembrar que xa o pasado mes de setembro o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, e a secretaria de Igualdade do Sindicato, Trinidad Campos, reuníronse co delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, para acordar un protocolo de colaboración co fin de que as sedes de UGT en Galicia pasasen a ser puntos violeta.

Trátase de que as sedes do Sindicato sexan lugares seguros para a muller. Lugares nos que se preste apoio a posibles vítimas de violencia de xénero e nos que se atendan as demandas de información sobre como actuar e acceder aos recursos públicos dispoñibles.

Tanto dende UGT-Lugo como dende UGT-Ourense, no acto de presentación, subliñaron a importancia desta iniciativa para impulsar a loita contra a violencia contra as mulleres e que poñer a disposición deste fin as sedes do Sindicato é crear unha importante rede xeográfica de apoio.

O Punto Violeta é un instrumento promovido polo Ministerio de Igualdade para implicar ao conxunto da sociedade na loita contra a violencia machista e estender a información necesaria para saber como actuar ante un caso de violencia contra as mulleres. Forma parte do catá-

logo de medidas urxentes do Plan de Mellora e Modernización impulsado por distintos ministerios do Goberno de España e supón un cambio de enfoque nas políticas públicas de atención ás vítimas, situando a violencia machista como un problema estrutural que require da implicación do conxunto da sociedade para acabar con ela..

A violencia machista segue atravesando as vidas das mulleres e supón unha gravísima vulneración dos dereitos humanos. Trátase dunha realidade terrible que é preciso visibilizar, denunciar, previr e erradicar e, sempre, escoitar, crer e protexer ás mulleres afectadas e, dende UGT, con esta iniciativa, búscase contribuír a este fin.

Pola súa banda, dende as respectivas subdelegacións do Goberno, a de Lugo e a de Ourense, os seus representantes agradeceron a contribución do sindicato para chegar “a todos os recunchos do territorio” e reafirmaron a disposición do Go-

verno de seguir traballando con todos os actores sociais galegos para reforzar a rede de apoio ás mulleres vítimas de violencia machista.



UGT-FERROL CELEBRA O SEU CONGRESO E ELIXE A JOSÉ ÁNGEL VENTUREIRA COMO SECRETARIO XERAL

Redacción.- UGT-Ferrol celebrou este martes o seu Congreso no que saíu elixida unha nova Comisión Executiva encabezada por José Ángel Ventureira como secretario xeral.

Para levar adiante a xestión de UGT nesta comarca, acompañarán a Ventureira Marcial Blanco, como secretario de Organización e Administración; Patricia Martínez será a secretaria de Igualdade; Francisco José Mahía ocupará a Secretaría de Política Social; Carmen Ventureira asumirá a Secretaría de Xuventude e Comunicación; ao fronte da Secretaría de Prevención e Saúde Laboral estará Rubén Pena; e Marta Pérez ocupará a Secretaría Executiva.



CHAMADOS Á FOLGA O DÍA 26 OS MÁIS DE 20.000 TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA ATENCIÓN PRIMARIA GALEGA

Redacción.- Os sindicatos UGT, CIG, CSIF e CCOO anunciaron o pasado venres unha folga na atención primaria en Galicia para o vindeiro 26 de novembro, acompañada de mobilizacións nas xornadas previas. Están chamados a participar na convocatoria os máis de 20 000 traballadoras e traballadores que a integran.

As organizacións convocantes avanzan concentracións os días 18, 19 e 20 diante dos centros de saúde e PAC en quendas de quince minutos, ás 11:00 e ás 18:00 horas. Tamén prevén unha concentración o día 19 diante do Servizo Galego de Saúde (Sergas), ás 11:00 da mañá. A xornada de folga do día 26 incluírá unha manifestación diante do Sergas entre as 11:00 e as 12:00 horas.

As organizacións sindicais entenden que as medidas avanzadas pola Consellería de Sanidade supoñen unha modificación substancial moi penosa das condicións de traballo das e dos profesionais da Atención Primaria e da prestación asistencial que recibe a cidadanía.

As organizacións sindicais lembran que solicitaron a convocatoria dunha Mesa Sectorial para abordar cuestións fundamentais como o Plan de Ordenación de Recursos Humanos da Atención Primaria e o modelo asistencial dos sábados pola mañá, mais o documento presentado polo SERGAS non responde ás demandas sindicais nin aos problemas estruturais do sistema.

A situación da Atención Primaria en

Galicia é crítica. O SERGAS non pode seguir improvisando nin agochando a falta de planificación detrás de documentos baleiros. O persoal da sanidade pública e a cidadanía merecen unha resposta seria e inmediata.

As organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial veñen de enviar á Consellería de Sanidade un documento en común que recolle os seguintes puntos:

1. Que se proceda á retirada progresiva da categoría de FEAP e se elabore un plan de reconversión das prazas actuais de FEAP en prazas de médica/o de familia, garantindo a continuidade laboral das persoas afectadas e a cohesión do modelo asistencial de Atención Primaria.
2. Que se nos fagan chegar os datos desagregados por cada centro de saúde e PAC, que permitan unha análise obxectiva da situación real da Atención Primaria.
3. Que a Consellería de Sanidade presente propostas concretas de actuación, diferenciando medidas a curto, medio e longo prazo, de forma clara e desenvolvida.
4. Que se faga unha análise das ratios de persoal existente por categorías nos distintos centros en relación ao grao de



desenvolvemento das competencias e das carteiras de servizos, para abordar no Plan de Ordenación de RRHH o número de profesionais necesarios/as para a posta en marcha das carteiras de servizos en todos os centros.

5. Que se aborde a situación do persoal da área administrativa de atención primaria, analizando as cargas de traballo existentes e se doten do persoal necesario.

6. Que se implementen as categorías profesionais necesarias para prestar unha asistencia sanitaria de calidade á poboación, é dicir, sen demoras.

7. Que se desenvolva o concurso específico da especialidade de enfermaría familiar e comunitaria, e se negocie un plan plurianual de reconversión de prazas xerais de enfermeiro/a en prazas de enfermeiro/a especialista, tanto de familia como de pediatría, na atención primaria.

O SECTOR DO TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DA CORUÑA MANIFÉSTASE NA CIDADE HERCULINA POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- O sector do transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña manifestouse este luns na cidade herculina por un convenio digno. Esta é a primeira parte dun proceso mobilizador que continuará con varias xornadas de folga no mes de decembro, aínda pendentes de fixar.

A paciencia dos traballadores e traballadoras do sector esgotouse. A negociación leva bloqueada dende que caducou o an-



terior convenio no 2020 e dende entón a patronal mantén unha postura totalmente inmovilista, con tomas de contacto que en nada fructificaron. A única proposta que hai enriba da mesa por parte da patronal é unha suba do 1,2% para o 2025. Unha proposta insuficiente, non só polo díxito, senón porque as demandas van moito máis aló do meramente salarial, xa que o convenio vixente é totalmente obsoleto.

A parte empresarial négase a abordar cuestións como a redución de xornada, os avances en materia de conciliación ou calquera outro tipo de mellora laboral e social.

Como apuntou Iván Cancela (UGT), a conciliación é bastante difícil con xornadas de 14 e 15 horas e quendas de nove horas sen os descansos estipulados.

Isto afoga ao sector e bota para atrás a novos posibles condutores, necesarios para acometer o relevo xeracional.

A manifestación do luns foi un primeiro toque de atención dirixido á patronal pero tamén á Xunta porque considérase que o Goberno galego debe mediar no conflito, xa que se está a falar dunha cuestión de mobilidade..

UGT-SERVIZOS PÚBLICOS E A FUNDACIÓN LUÍS TILVE INTERVIÑERON NA HOMENAXE A VÍCTOR FRAIZ, MESTRE DE FETE REPRESALIADO

Redacción.- O 14 de setembro de 1937 o mestre Víctor Manuel Fraiz Villanueva, secretario de FETE-UGT, era asasinado no Monte do Castro. Apagábase así unha vida dedicada á educación e á renovación pedagóxica. Unha traxectoria que comezara en Bandeira, Silleda, 50 anos atrás. Concello que este venres lle rendeu homenaxe coa inauguración dunha placa, cun código QR, que sinala e explica a denominación da rúa que leva o seu nome dende o 2009 e que non podía estar mellor escollida, xa que alí se atopa o CEIP Ramón Valenzuela.

O acto, ó que asistiron profesores e alumnos do centro, algúns dos cales interpretaron varias pezas musicais, se iniciou coa presentación da concelleira de Xestión Social, Mónica González Conde, que cedeu a palabra a Belén Louzao Vieites, en representación de UGT-Servizos Públicos, quen lembrou a súa traxectoria educativa, no campo da renovación pedagóxica, e o papel que xogou no sindicalismo docente, fundando a Asociación de Mestres en Ponte Caldelas, exercendo de presidente e secretario da Asociación de Traballadores do Ensino en Vigo, e como vogal do Comité Nacional da Federación de Traballadores da Ensinanza, que contribuíra a crear, e na que tamén militaba a súa irmá Higinia.

Un mestre preocupado polo acceso do pobo á cultura

Un mestre preocupado de que o pobo tivera acceso á cultura, que entendía que a cidadanía non podía mellorar sen instrución, razón pola que impulsou a creación de publicacións, como "El Explorador" ou o "Heraldo de Puente-Caldelas", e co-



laborou con outras moitas, como "Escuela del Trabajo", "Escuela Vivida" (da que colleu o nome a nosa asociación de renovación pedagóxica Escola Viva), "O Pobo Galego", ou "Nueva Galicia", que tamén dirixiu.

A educación fronte ao silencio imposto polas ditaduras

A continuación tomou a palabra Guillermo Pérez, director da Fundación Luís Tilve, que indicou que este era un bo colofón ó traballo que a Fundación iniciou no 2002 coa publicación dun libro que recuperaba a memoria de Fraiz, e destacou a importancia da educación fronte ao silencio imposto polas ditaduras, e a necesidade de facer Memoria para que as futuras xeracións non perdan a liberdade que tanto costou conseguir.

Rematou o acto coa emotiva intervención da bisneta de Fraiz, Silvia Tielas, quen se dirixiu ós rapaces

para que foran conscientes duns feitos que non deben volver a ocorrer, e recordou ó seu familiar, emigrado a Cuba e retornado para estudar maxisterio en Santiago, exercendo como mestre en escolas de Ponte Caldelas, onde ensinaba ós alumnos á vez que os levaba a pescar e lles ensinaba tamén o que era a vida, queixándose de que o seu esforzo educativo acabase na emigración e non dando froitos no país.

Remataría a súa traxectoria como mestre en Coia, alí daría a última lección, entregándose ante a ameaza de que mataran ós seus fillos presos por non atopalo a el. Non serviu, o seu fillo pequeno, de tan só 18 anos, tamén foi asasinado.

"As tumbas dos mártires, falan moito máis ante a historia que o que eles puideran dicir", escribiulle a súa muller, Placeres Castellanos, outra loitadora que ven merece outra homenaxe.

UGT CELEBRA AS XORNADAS “ABRIR ESPAZOS, CONSTRUIR SOLUCIÓN” NAS QUE SE DEBATEU E ANALIZOU A SITUACIÓN DA VIVENDA EN ESPAÑA

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) clausurou este mércores as xornadas confederais “Abrir espazos, construír solucións” nas que se debateu e analizou a situación da vivenda en España.

En declaracións aos medios de comunicación, o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, insistiu en que nestas xornadas abordouse “un dos temas máis importantes que ten España encima da mesa”. Neste sentido, Álvarez remarcou que “UGT está comprometido con que a vivenda sexa un dos temas centrais da acción sindical da organización”.

Así, o secretario xeral sinalou que “a vivenda é un ben público” e este principio é o que “distingue aos países nos que funcionan” as políticas de vivenda e nos que non. Por iso, Álvarez puxo o foco na necesidade de non usar as vivendas como bens cos que especular: “As vivendas non poden ser obxecto de negocio e hai que continuar avanzando desde o punto de vista lexislativo”, resolveu.

“Creo que unha organización como a nosa ten que falar claro e directo. Estamos a falar de acumulación, de empresas que multiplican o seu negocio acaparando pisos”, explicou o secretario xeral.

Doutra banda, Álvarez reclamou que “o conxunto das administracións remen na mesma dirección para liquidar os graves problemas que ten a

ciudadanía para poder acceder a unha vivenda”.

D o mesmo xeito, o secretario xeral dirixiuse á patronal para lembrarlle que esta cuestión tamén lle incumbe: “Se non somos capaces de liquidar este problema, hai zonas que se van a colapsar. Que non se queixen se non atopan traballadores e traballadoras”, engadiu explicando que esta é unha cuestión principalmente social, pero tamén económica.

Por último, Álvarez insistiu na necesidade de “medidas a curto prazo que pasan polo control dos prezos e acabar cos pisos turísticos” e con outras a medio prazo, que se sustenten en “cambios lexislativos” e que miren ao futuro, como a “construción de vivenda protexida”.

Na terceira e última sesión, as xornadas centráronse en analizar os desafíos e retos sociais que presenta a vivenda nas cidades, debater sobre a imprescindible coordinación entre as administracións, así como sobre a necesidade de protección permanente e a importancia da declaración de zonas tensionadas para facer



A vicesecretaria xeral de Dereitos Sociais de UGT-Galicia participou nas xornadas

fronte aos altos prezos.

Igualmente, abordáronse propostas económicas para facer viable o compromiso de facer da vivenda unha prioridade, o quinto pilar social do Estado de Benestar.

O GOBERNO FRACASA COA ENTRADA EN VIGOR DO FONDO DO AMIANTO QUE IMPIDE Á MAIORÍA DAS VÍTIMAS EXERCER O SEU DEREITO A UNHA INDEMNIZACIÓN

Redacción.- Tal e como avisabamos FEDAVICA, UGT e CCOO en rolda de prensa o pasado 17 de setembro, o número de solicitudes presentadas para o fondo de compensación das vítimas do amianto é escasísimo. O motivo é que o regulamento aprobado polo Goberno na actualidade só permite tramitar as solicitudes das persoas afectadas que teñan recoñecida unha incapacidade permanente por continxencias profesionais ocasionadas por exposición ao amianto.

Así mesmo, impide que se tramiten para o resto de colectivos que teñen recoñecido este dereito na Lei (exposicións laborais sen continxencia profesional, exposicións ambientais e domésticas e herdeiros de persoas falecidas por enfermidades causadas polo amianto) ata que non se regule nunha Lei de Orzamentos Xerais do Estado, de máis que dubidosa posibilidade de aprobación a curto ou medio prazo.

A consecuencia é que, nas semanas en que leva en vigor o fondo, as solicitudes viables presentadas ao INSS son limitadísimas. Isto está a xerar, de novo, unha inmensa frustración no colectivo das vítimas do amianto que puxeran unhas grandes expectativas na aprobación do fondo. E tamén ten consecuencias económicas. Desde 2022 consignouse unha partida anual de 25 millóns de euros nos Orzamentos Xerais do Estado para financiar o fondo de compensación, que non se executa-

ron.nos exercicios anteriores polos inxustificadas atrasos do Goberno en tramitación lexislativa, e que en 2025 volverán perder pola racanería á hora de regular o regulamento por parte do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións. Trátase de 100 millóns de euros que xa deberían utilizarse para compensar ás vítimas e que vimos como se foron polo desauadoiro.

Por esta razón, FEDAVICA, CCOO

e UGT vímonos obrigados a solicitar unha reunión a Elma Saiz, ministra de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, para reclamarlle unha reformulación urxente do Real Decreto 483/2025 que, entre outras cuestións, permita a tramitación de solicitudes para todos os casos que teñen recoñecido o dereito de indemnización na Lei 21/2022, elimine algúns trámites inxustificadas que retardan a xestión das solicitudes e revise unhas contías dunhas indemnizacións claramente insuficientes.

Nos últimos anos faleceron persoas afectadas polo amianto que tiñan recoñecido legalmente o dereito para percibir unha indemnización e que non o fixeron polo atraso lexislativo do Goberno. E nos próximos anos van seguir falecendo sen indemnización mentres que o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións non rectifique o contido dun regulamento que xa demostrou a súa ineficacia.

AS EMPREGADAS DOMÉSTICAS DEBEN TER A AVALIACIÓN DE RISCOS DO SEU POSTO DE TRABAJO DESDE ESTE VENRES

Redacción.- O venres día 14 de novembro finaliza o prazo para que as persoas que contan con persoal doméstico realicen a avaliación de riscos laborais e informen sobre iso ás súas traballadoras e traballadores.

Esta obrigación para as e os empregadores de persoal doméstico recóllese no Real Decreto 893/2024, do 10 de setembro, polo que se regula a protección da seguridade e a saúde no ámbito do servizo do fogar familiar. Nel establécese unha normativa protectora específica harmonizada coa normativa xeral de prevención de riscos laborais, o que supón un paso decisivo en materia de prevención para as empregadas de fogar.

Este colectivo, altamente feminizado, accede con esta normativa a dereitos tan básicos como a protección da saúde no seu posto de traballo dos que ata o de agora estaban excluídas.

Como o resto de persoas traballadoras amparadas baixo o paraugas da Lei de Prevención de Riscos Laborais, (que actualmente está en proceso de revisión na Mesa de Diálogo social), as empregadas de fogar teñen dereito a información, formación e participación, poden paralizar a actividade en caso de risco grave e inminente e teñen dereito á vixilancia da súa saúde como parte dunha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.

A avaliación de riscos laborais é un requisito que esixe a Lei de Prevención de Riscos laborais e ata o de agora as persoas empregadoras deste colectivo non estaban obrigadas a realizala.

O INSST, a través do portal Prevencion10, facilita unha ferramenta



para poder realizar a avaliación de riscos laborais de forma sinxela e que leva en funcionamento desde fai xa seis meses. Accédese de forma sinxela e intuitiva, contestando as preguntas que se van indicando en función das tarefas que realizan as persoas contratadas, obtense a avaliación e, ademais, propóñense as medidas preventivas que deben implantarse e a información que debe entregarse ás persoas traballadoras para mellorar as súas condicións de seguridade e saúde.

A partir deste venres, as persoas con persoal doméstico ao seu cargo están obrigadas a cumprir coas novas obrigacións legais e facilitar dita avaliación ao seu persoal doméstico, aínda que este proceso deberá ser de implementación paulatina e didáctica, xa que está a haber problemas na web de acceso á ferramenta e ata que non estea dispoñible a pleno rendemento e todas as persoas empregadoras poidan acceder de forma efectiva, esa obrigatorioidade debe quedar en suspenso.

É urxente e moi necesaria a aprobación do protocolo de acoso e violencia para este colectivo especialmente vulnerable nestes aspectos e sobre todo para as empregadas domésticas internas, no que actualmente tamén está a traballar o INSST.

Tamén é necesario que se active a plataforma formativa de Fundae, para completar as actividades de formación que deberán ser autoevaluables e certificables, aínda que lembramos que Prevencion 10 inclúe, ademais da ferramenta para a avaliación, unha sección de recursos específicos dedicada ao servizo do fogar familiar, con materiais explicativos sobre prevención de riscos laborais adaptados para este colectivo.

Desde UGT celebramos o avance que supoñen as medidas que recolle o RD 893/2024, en especial co que respecta á avaliación de riscos, aínda que lembramos que aínda quedan pasos pendentes nos que é necesario seguir traballando.

UGT CELEBRA QUE O TXUE AVALE O NÚCLEO DA DIRECTIVA EUROPEA DE SALARIOS MÍNIMOS E ESIXE A SÚA APLICACIÓN INMEDIATA EN ESPAÑA

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores valora positivamente a sentenza ditada polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea sobre a Directiva relativa a salarios mínimos adecuados (Directiva 2022/2041), que confirma a validez do seu núcleo esencial e consolida un marco europeo para avanzar en salarios dignos, reforzar a negociación colectiva e reducir a pobreza laboral en todos os Estados membro.

O TSUE rexeita o recurso de anulación exposto por Dinamarca e Suecia, confirmando que a Unión Europea ten competencia para garantir estándares mínimos vinculados ao salario no marco da protección dos traballadores e do Pilar Europeo de Dereitos Sociais. Este recoñecemento é clave para impedir retrocesos e consolidar un modelo europeo baseado en xustiza social e cohesión.

Mantense o núcleo da Directiva

A sentenza mantén integramente o artigo 5.4, que confirma como referencias internacionalmente aceptadas para avaliar a adecuación do salario mínimo ao 60% do salario mediano bruto e o 50% do salario medio bruto.

Estes limiares son a guía técnica esencial para garantir que o salario mínimo sexa suficiente para asegurar un nivel de vida digno, evitar a pobreza entre persoas ocupadas, promover a cohesión social e contribuír a reducir a

brecha salarial de xénero. A súa preservación é o elemento central que asegura a utilidade real da Directiva.

Así mesmo, mantense o artigo 4, que reforza a negociación colectiva como instrumento básico para a fixación xusta de salarios e a distribución equitativa da riqueza laboral.

O Tribunal só anula os apartados 2 e 3 do artigo 5, referidos á fixación automática de criterios de revisión. Con todo, esta modificación non altera a orientación material da norma: os criterios de suficiencia salarial (60%/50%) seguen plenamente vixentes como marco de referencia europeo.

España debe dar agora o seguinte paso

A boa noticia que supón a validación do núcleo da Directiva debe vir agora acompañada dun Real Decreto de Salario Mínimo sólido e frutífero, actualmente en negociación entre Goberno, sindicatos e organizacións empresariais no marco do diálogo social.

Este Real Decreto debe incorporar plenamente a orientación e o espírito da norma europea, así como os compromisos alcanzados entre o Goberno progresista e as organizacións sindicais en febreiro deste ano, cando se fixou o SMI para 2025.

En particular, debe garantir que as subidas do SMI non se vexan neutrali-

zadas mediante mecanismos de compensación e absorción, asegurando que as e os traballadores con salarios próximos ao mínimo manteñan e reforcen o seu poder adquisitivo real.

España ten, ademais, obrigacións asumidas mediante a Carta Social Europea Revisada, cuxo Comité Europeo de Dereitos Sociais establece que o salario mínimo debe situarse como mínimo no 60% do salario medio nacional. Esta debe ser a referencia efectiva e verificable da política salarial no noso país.

Cara a un Salario Mínimo Europeo

A sentenza do TXUE demostra que Europa pode avanzar cara unha converxencia social á alza, consolidando salarios mínimos que permitan vidas dignas en todo o territorio europeo.

UGT esixe a trasposición inmediata da Directiva e que a mesma se incorpore canto antes mediante un Real Decreto de Salario Mínimo, que se está agora negociando, que garanta que as subidas do SMI non poidan ser absorbidas nin compensadas por outros conceptos salariais e que permita avanzar cara o cumprimento da Carta Social Europea Revisada, situando o salario mínimo en, polo menos, o 60% do salario medio nacional, consolidando así unha mellora real e sostida na vida da clase traballadora.

A ACTUALIZACIÓN DA LEI DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NON PODE DEMORARSE MÁIS

547 falecidos en accidente laboral ata o mes de setembro

Redacción.- A pesar do descenso das estatísticas de accidentes de traballo publicadas polo Ministerio de Traballo e Economía Social, temos que lamentar a morte de 547 persoas traballadoras durante os nove primeiros meses do ano. Son datos graves que reflicten a realidade da situación e é que cada día dúas persoas morren polo simple feito de tentar gañarse a vida.

Ata o mes de setembro do presente ano rexistráronse 458.570 ac-

cidentes laborais durante a xornada de traballo que requiriron de baixa laboral, isto supón un descenso do -1,9%. Son cifras moi elevadas a pesar do descenso experimentado.

Cabe destacar o incremento das mortes por golpes por caídas. Ata setembro rexistráronse 74 falecementos de persoas traballadoras por este motivo, aumentando en 5 respecto ás rexistradas ata setembro de 2024 (+7,2%).

Non debe demorarse máis a modificación da Lei de Prevención de Riscos Laborais que se está negociando na Mesa de Diálogo Social. Tras 18 meses, pedimos responsabilidade aos grupos participantes na negociación. A modificación da Lei de Prevención de Riscos Laborais debe ser profunda e abordar tanto os novos retos preventivos traídos da man das transicións demográfica, climática e dixital, como acabar coas mortes, lesións e enfermidades provocadas polo traballo.